



# **INSTRUCCIÓN S DE CONDUCTA DO GRUPO EUSKALTEL**

|  |           |
|--|-----------|
| <b>1.- INSTRUCCIÓN S XERAIS DE CONDUCTA</b>        | <b>2</b>  |
| <b>2.- INSTRUCCIÓN S PARTICULARES DE CONDUCTA</b>  | <b>3</b>  |
| <b>2.1.- EN CANTO ÁS PERSOAS</b>                   | <b>3</b>  |
| <b>2.2.- EN CANTO AOS CLIENTES</b>                 | <b>7</b>  |
| <b>2.3.- EN CANTO AOS PROVEDORES</b>               | <b>8</b>  |
| <b>2.4.- EN CANTO AOS ACCIONISTAS</b>              | <b>8</b>  |
| <b>2.5.- EN CANTO ÁS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS</b> | <b>11</b> |
| <b>2.6.- EN CANTO Á SOCIEDADE</b>                  | <b>12</b> |



## **INSTRUCCIÓN DE CONDUTA DO GRUPO EUSKALTEL**

Como desenvolvemento do Código Ético do Grupo Euskaltel, e adicionalmente ao cumprimento da legalidade vixente no exercicio das súas actividades, establécense a continuación unhas Instrucións de Conduta que forman parte do Sistema de Goberno Corporativo do Grupo.

Estas Instrucións de Conduta resultarán de aplicación

- aos membros do Consello de Administración de Euskaltel S.A., como sociedade dominante do Grupo Euskaltel aos efectos da lei, que asumirán, no que lles resulte de aplicación, as obrigacións que estas Instrucións de Conduta establecen para os Profesionais do Grupo, segundo se definen estes a continuación.
- aos Profesionais do Grupo Euskaltel, persoas que desenvolven a súa actividade profesional en calquera das sociedades do Grupo (en diante, Profesional/ais) con independencia da súa responsabilidade organizativa, da súa localización xeográfica ou funcional e da sociedade para a que directamente presten os seus servizos.
- aos Provedores do Grupo Euskaltel, no que resulte de aplicación, definidos como aqueles terceiros que fornezan calquera tipo de bens e/ou produtos, ou presten servizos para o Grupo Euskaltel, ou que, de calquera forma, actúen por conta do mesmo, tales como provedores, empresas subcontratadas e/ou profesionais independentes, con independencia do obxecto dos servizos prestados e do territorio no que desenvolvan a súa actividade (en diante, Proveedor/es).

### **1.- INSTRUCCIÓN XERAIS DE CONDUTA**

Todos e cada un dos membros do Consello de Administración e os Profesionais do Grupo Euskaltel deberán rexer o seu desempeño profesional polas presentes Instrucións de Conduta, e así:

- deberán coñecer particularmente as leis, regulamentos e normativa interna que afecte ás respectivas áreas de actividade, e deberán asegurarse de que os seus colaboradores reciban a información e formación adecuada que lles permita entender e cumprir coas obrigacións normativas aplicables ao seu desempeño profesional.



- actuarán sempre no mellor interese do Grupo Euskaltel, facendo unha utilización adecuada dos medios postos á súa disposición, evitando prácticas que poidan provocar algún prexuízo ao Grupo, a outros Profesionais, ou a terceiros, e, en particular, prácticas de corrupción e/ou subornos.
- empregarán a súa capacidade técnica e profesional e a prudencia e o coidado adecuados no desempeño da súa actividade. En particular, e sen prexuízo da devandita regra xeral:
  - Velarán por alcanzar a capacitación necesaria para o mellor desempeño das súas funcións.
  - Cumprirán a normativa aplicable e, no seu caso, as regras e tarifas establecidas na determinación dos prezos e condicións das operacións en que interveñan.
  - Respetarán os procedementos establecidos internamente, moi en especial no que se refire ao exercicio das facultades e a aplicación do límite de riscos.

## **2.- INSTRUCCIÓNS PARTICULARES DE CONDUCTA**

Cando se relacionen cos Grupos de interese, os membros do Consello de Administración e os Profesionais do Grupo Euskaltel manterán unha actitude de estrita profesionalidade, e cumprirán, en particular, as seguintes instrucións:

### **2.1.- EN CANTO ÁS PERSOAS (PROFESIONAIS DO GRUPO)**

#### **2.1.1.- Igualdade de oportunidades**

Sempre que un Profesional do Grupo interveña nun proceso de selección, contratación ou promoción de persoas, terá unha actitude aberta á diversidade e seguirá criterios obxectivos que permitan asegurar a elección das persoas máis acordes co perfil e necesidades do posto que se vai cubrir, promovendo en todo momento a igualdade de oportunidades.



### **2.1.2.- Equipos e sistemas informáticos**

A utilización polos Profesionais dos equipos e sistemas informáticos postos á súa disposición para o desempeño diario da súa actividade deberá axustarse á normativa de uso e seguridade establecida en cada unha das sociedades do Grupo Euskaltel e na lexislación vixente. Por evidentes motivos de seguridade e de protección de dereitos, non se permite aos Profesionais o acceso a aplicacións ou equipos informáticos de terceiros sen a previa autorización do Grupo, debidamente documentada.

Os Profesionais do Grupo Euskaltel non realizarán usos privados nin persoais dos dispositivos e equipos informáticos postos á súa disposición polo Grupo Euskaltel para o desempeño da súa actividade, salvo que tal uso estivese expresamente autorizado. Todas as responsabilidades derivadas do incumprimento desta obrigaón serán asumidas polo Profesional incumplidor.

### **2.1.3.- Seguridade, saúde e prevención de riscos laborais**

Todos os Profesionais teñen a obriga de asumir e cumprir as disposicións contidas nos procedementos de traballo específicos en materia de Prevención de Riscos Laborais, que estarán recollidos nos Plans de Prevención de Riscos Laborais de cada unha das sociedades do Grupo.

Todos os Profesionais do Grupo Euskaltel son responsables de observar un rigoroso cumprimento das normas de seguridade e saúde laboral e de velar pola súa propia seguridade e pola das persoas afectadas polas súas actividades. Así mesmo, deben facer un uso responsable do equipamento asignado cando desenvolvan actividades de risco, divulgar entre os seus compañeiros os coñecementos adquiridos respecto diso e promover o cumprimento das medidas de prevención de riscos laborais.

Os Profesionais do Grupo están obrigados a informar daquilo que consideren riscos e incumprimentos en materia de seguridade ou saúde laboral ao organismo encargado de vixiar o



funcionamento do Modelo de prevención de cada unha das sociedades do Grupo Euskaltel, ou ben a través da Canle Ética. No caso de que o risco sexa grave e inminente, os Profesionais teñen a obriga de parar a actividade que se está desenvolvendo para evitar os accidentes.

#### **2.1.4.- Contorna de traballo baseada nun trato respectuoso e libre de discriminación**

Todos os Profesionais son responsables de evitar calquera tipo de discriminación e de condutas de acoso ou bullying na súa contorna de traballo.

Igualmente, deberán actuar de forma corresponsable e solidaria no esforzo cos compañeiros, con espírito de traballo en equipo para o logro dos obxectivos e obtención dos mellores resultados posibles.

#### **2.1.5.- Formación**

Os Profesionais deberán participar de maneira activa nos plans de formación que sexan postos á súa disposición co fin de propiciar o seu desenvolvemento profesional e achegar maior valor ao Grupo, apoiando de igual forma a aprendizaxe persoal e profesional dos seus compañeiros.

#### **2.1.6.- Respecto á intimidade e confidencialidade dos datos relacionados cos Profesionais do propio Grupo Euskaltel**

Os Profesionais do Grupo Euskaltel que, por motivos do seu desempeño, teñan autorización para acceder a información de terceiros deberán facer un uso responsable e profesional da mesma, mantendo o seu carácter confidencial.

No desempeño da súa actividade, os Profesionais deberán gardar a confidencialidade dos datos doutros Profesionais do Grupo a que accedan, quedando prohibida calquera utilización indebida desta información.

#### **2.1.7.- Responsabilidade Social Individual**



Os Profesionais comprométese a non realizar actuacións fraudulentas ou deshonestas, e non están autorizados a solicitar, ofrecer ou recibir de ningún terceiro (ben sexa provedor, cliente ou Administración Pública) calquera agasallo, obsequio e/ou atención que poida alterar a súa imparcialidade e/ou obxectividade profesional, nin a realízalos co fin de influír de forma ilícita nas relacións comerciais.

Os Profesionais do Grupo Euskaltel non facilitarán enderezos persoais para recibir agasallos, obsequios e/ou atencións no domicilio particular.

### **2.1.8.- Respecto á intimidade e confidencialidade dos datos relacionados con terceiros**

Os Profesionais do Grupo Euskaltel deberán gardar a confidencialidade dos datos de terceiros a que accedan, quedando prohibida calquera utilización indebida desta información.

Os Profesionais deben facer un uso discreto e profesional da información á que teñan acceso, limitando a súa utilización ás actividades propias da súa correspondente empresa, quedando prohibida calquera utilización indebida desta información.

A información manexada no ámbito de responsabilidade de cada Profesional debe ser tratada e reflectida de forma íntegra, precisa, clara e veraz. Todos os Profesionais do Grupo deberán preservar así mesmo, en todo momento, a información confidencial de terceiros obtida no desempeño do traballo profesional (segredo profesional) sempre que tal confidencialidade non sexa contraposta á lei.

No caso de finalizar a relación laboral ou profesional, a información reservada e confidencial será devolta polo Profesional á sociedade do Grupo Euskaltel á que pertenza, incluíndo calquera dispositivo de almacenamento, así como a información almacenada en calquera terminal informático, permanecendo en calquera caso o deber de confidencialidade profesional.

### **2.1.9.- Protección da propiedade intelectual e industrial**



Os Profesionais comprométense a protexer a propiedade intelectual propia e allea incluíndo, entre outros, dereitos sobre patentes, marcas, nomes de dominios, dereitos de reprodución de contidos audiovisuais, de reprodución de software, de extracción de bases de datos ou sobre coñecementos técnicos especializados.

#### **2.1.10.- Imaxe corporativa**

Todos os Profesionais do Grupo porán o máximo coidado en preservar a imaxe e a reputación do Grupo en todas as súas actividades profesionais, e en particular, nas intervencións públicas que puidesen realizar.

#### **2.2.- EN CANTO AOS CLIENTES**

Tanto os Profesionais como os Provedores do Grupo Euskaltel deben actuar de forma honesta cos clientes, xa sexan actuais ou potenciais, co obxectivo de establecer unha relación de confianza e respecto mutuo.

Ningún Profesional ou Proveedor do Grupo Euskaltel fará uso de fórmulas enganosas ou fraudulentas cos clientes. Calquera posible engano que sexa detectado polos Profesionais ou Provedores deberá ser comunicado e posto en coñecemento, ben do superior dentro da organización, do Director de Auditoría Interna, ou a través da Canle Ética no caso dos Profesionais, ou ben mediante a Canle Ética no caso dos Provedores.

Todos os Profesionais e Provedores están obrigados a respectar os protocolos implantados para cumprir cos prazos de provisión dos servizos ofertados e evitar alteracións na correcta facturación ou a facturación fraudulenta en beneficio de persoas ou empresas.

Os Profesionais e Provedores do Grupo Euskaltel teñen á súa disposición a información necesaria sobre os produtos e servizos que o Grupo ofrece aos seus clientes a través da documentación interna e das páxinas web de cada unha das sociedades que o integran, estando obrigados a



achegar a tecnoloxía aos Clientes, tratando de mellorar cada día a súa accesibilidade á información.

### **2.3. EN CANTO AOS PROVEDORES**

Todos os Profesionais do Grupo Euskaltel que participen en procesos de selección de Provedores deberán actuar con total imparcialidade e obxectividade, aplicando estritos criterios de calidade e custo, evitando a colisión dos seus intereses persoais cos do Grupo, e seguindo en todo momento o Procedemento de Compras do Grupo Euskaltel.

Os Profesionais seleccionarán os Provedores baseándose na idoneidade dos seus produtos ou servizos, así como do seu prezo, condicións de entrega e calidade.

Os Profesionais só negociarán en nome de cada unha das sociedades do Grupo calquera tipo de contrato ou negocio cando conten coa correspondente autorización para iso segundo establezan as correspondentes políticas ou procedementos do Grupo Euskaltel.

O Grupo Euskaltel esixirá aos seus Provedores o cumprimento da normativa vixente e a aceptación do Código Ético do Grupo Euskaltel.

### **2.4.- EN CANTO AOS ACCIONISTAS**

#### **2.4.1.- Transparencia e veracidade da información financeira**

Os Profesionais do Grupo Euskaltel deberán actuar seguindo o principio de integridade financeira e velar polo seu estrito cumprimento, sen falsear ou ocultar datos, asentos contables ou





facturas, falsificar documentos, levar dúbres contabilidades ou calquera outro acto de características similares que puidese xerar a obtención de beneficios ilícitos das Administracións Públicas, da Facenda Pública e/ou da Seguridade Social.

Os Profesionais do Grupo Euskaltel deberán basear cada operación económica realizada en documentación adecuada e comprobable.

Os Profesionais deberán gardar e conservar toda a documentación utilizada para elaborar os estados financeiros durante o tempo legalmente establecido.

Todo Profesional actuará con transparencia e sen ocultar ou distorsionar a información dos rexistros e informes contables do Grupo Euskaltel, que será completa, precisa e veraz.

#### **2.4.2.- Imaxe corporativa e información**

Os Profesionais e /ou Provedores do Grupo Euskaltel non poderán facer uso da imaxe corporativa do Grupo nin da de ningunha das sociedades que o integran sen a correspondente autorización da área correspondente.

Os Profesionais comprométese a non utilizar no seu posto de traballo ningún tipo de información ou documentación, física ou electrónica, pertencente a outra empresa que se obtivo como consecuencia dun posto de traballo anterior ou por calquera outro medio, sen o consentimento da mesma.

#### **2.4.3.- Bens do Grupo**

Os Profesionais do Grupo comprométese a realizar un uso apropiado dos bens materiais do Grupo Euskaltel postos á súa disposición, protexéndoo e conservándoo en correctas condicións de uso.



Entre outros medios, o Grupo Euskaltel dota a todos os Profesionais dun computador con software propio ou licenciado no que, por razóns de seguridade, non poderán descargar ningún tipo de programa de Internet sen a autorización da área correspondente, á que se deberán dirixir todas as solicitudes neste sentido, e que xestionará internamente, segundo o procedemento de escalado interno, a súa inclusión no catálogo de software e a súa instalación posterior.

A seguridade dos datos é unha tarefa de equipo na que todos os Profesionais e Colaboradores do Grupo Euskaltel que acceden aos mesmos desempeñan un papel fundamental. Por iso, os Profesionais son responsables de asegurar que as aplicacións, os recursos informáticos e os datos propios do Grupo Euskaltel ou baixo a súa supervisión sexan usados unicamente para o desenvolvemento da operativa propia para a que foron creados e implantados, sen incorrer en actividades que poidan ser consideradas ilícitas ou ilegais ou que infrinxan os dereitos das empresas do Grupo Euskaltel ou de terceiros, ou que poidan supor un risco para a seguridade dos mesmos.

En particular, ademais do recollido nos protocolos de seguridade de cada unha das sociedades do Grupo, os Profesionais observarán as seguintes pautas de actuación:

- Respetarán as medidas de seguridade e acceso aos equipos informáticos, de maneira que a cesión a outro Profesional do Grupo Euskaltel ou a un terceiro dunha clave de acceso persoal será unha práctica contraria ás normas básicas de seguridade, recaendo en quen a cede calquera responsabilidade que puidese derivarse da súa non observancia.
- Non utilizarán os equipos informáticos para fins particulares ou alleos á actividade do Grupo Euskaltel, nin tampouco para fins ilícitos ou que puidesen prexudicar a imaxe do Grupo Euskaltel.
- Deberán bloquear os terminais ao ausentarse do posto de traballo.
- Non utilizarán o correo electrónico particular para asuntos e correspondencia do Grupo Euskaltel.
- Non instalarán nos equipos informáticos do Grupo Euskaltel ningún software que non sexa fornecido ou autorizado polo mesmo.



- Os programas, manuais ou proxectos utilizados na actividade profesional non poderán reproducirse ou cederse para finalidades alleas a esta, salvo autorización expresa.
- A convicción de actuar en proveito do Grupo Euskaltel non xustificará en ningún caso os danos e prexuízos provocados ás súas informacións, datos e/ou programas informáticos ou aos de terceiros.

#### **2.4.4.- Competencia leal**

Os Profesionais do Grupo Euskaltel absteranse de utilizar ou comunicar información falsa ou de desprestixio xeral da competencia para vender os seus produtos e servizos.

Igualmente, non poderán influír sobre a vontade das persoas para obter algún beneficio mediante o uso de prácticas non éticas, non permitíndose de igual forma que outras persoas ou organizacións poidan utilizar esas prácticas cos Profesionais do Grupo Euskaltel.

#### **2.4.5.- Xestión do Risco Corporativo**

Os Profesionais do Grupo Euskaltel, no ámbito da súa competencia, deberán xestionar calquera risco que puidese impedir ou dificultar ao Grupo Euskaltel lograr os seus obxectivos e executar as súas estratexias con éxito.

### **2.5.- EN CANTO ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

Os Profesionais non entregarán á Administración Pública en xeral, nin aos Organismos Reguladores en particular, documentación de calquera tipo (técnica, comercial, económica ou contractual) sen contrastar previamente a súa veracidade e legalidade coa área afectada da sociedade á que corresponda.

Todos os Profesionais do Grupo deben asumir e acatar os procedementos establecidos co fin de non contravir a normativa aplicable á actividade desenvolvida por cada un deles.

Os Profesionais que teñan relación con autoridades, administración ou organismos públicos deberán documentar e conservar a información intercambiada, os datos e as decisións tomadas.



Os Profesionais do Grupo Euskaltel teñen expresamente prohibida tanto a contratación de produtos e servizos coas administracións públicas como a obtención de subvencións, desgravacións ou axudas das mesmas falseando ou omitindo datos ou condicións de calquera tipo en beneficio do Grupo Euskaltel. Se a devandita actuación fose proposta directamente polo funcionario ou autoridade pública deberá ser rexeitada e comunicada ao Director de Auditoría Interna ou ben a través da Canle Ética.

Os Profesionais do Grupo Euskaltel que teñan relación coas administracións públicas en nome do Grupo Euskaltel actuarán en todo momento con respecto e corrección, de conformidade coas leis, as directrices e protocolos internos existentes no Sistema de Goberno Corporativo, e, en particular, de conformidade co Código Ético e con estas Instrucións de Conduta.

## **2.6.- EN CANTO Á SOCIEDADE**

Os Profesionais do Grupo Euskaltel comprométese co respecto dos dereitos humanos recoñecidos na lexislación nacional; cos principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas e co respecto á normativa en materia laboral da OIT.

Os Profesionais do Grupo Euskaltel actuarán conforme ao principio de protección do medio natural, minimizando o impacto ambiental derivado das súas actividades e da utilización de instalacións, recursos e medios de traballo, procurando un uso eficiente dos mesmos.

Os Profesionais do Grupo Euskaltel teñen prohibida a falsificación ou omisión de información sobre calquera aspecto relacionado co exercicio da súa actividade profesional.

Os Profesionais do Grupo manterán unha actitude aberta á participación en foros sectoriais.